

C a n d e P a l l e i r o

10



Breve historia.

Can de tronco indoeuropeo, o seu agriotipo foi o principal antepasado dos cans de campesiño de Centro Europa, acompañando os pobos precélticos atlánticos, centroeuropeos e nórdicos nas sucesivas ondas de invasións (celtas, suevos, visigodos e normandos) que poboaron a vertente atlántica noroccidental da península ibérica.

Función: can pastor e tamén de garda. Gardián de proverbial intelixencia, presenta un carácter forte e reservado cos estraños. Destaca-la estabilidade psíquica e equilibrada deste animal, propio dun can pastor.

Movemento.

Os movementos son áxiles e fortes.



Aparencia xeral.

De tronco indoeuropeo, rústico e fornido, de tipo lupoide, perfil recto, eumétrico, de tamaño medio; mesodolicomorfo, de proporcións harmónicas e de constitución forte, ósos bastante anchos, característica da súa rusticidade.

Capa (cor) normalmente uniforme, gran variedade desde areas, canelas, castaños, leonados e incluso negros; en ocasións capa binaria alobada (pelos de cor amarela e nas puntas, negra).

Pelo espeso, tupido e denso.

Tamaño e peso.

Alzada á cruz.

Machos 59-65 cm ----- Femias 57-63 cm

Peso.

Machos 30-38 kg ----- Femias: 25-33 kg

Can de Palleiro



A **CABEZA** é forte, con óso denso, proporcionada e coa depresión frontonasal non moi evidente.

Os **BEIZOS** son normais e apertados.

Os **OLLOS** son de mediano tamaño, con expresión vivaz e de cor variable.

ORELLAS de inserción alta, grandes e erguidas, implantación un pouco aberta.

O **PESCOZO** é musculoso e proporcionado. Debe formar un ángulo de 45º coa horizontal.

As **EXTREMIDADES ANTERIORES** son fortes, secas, paralelas e ben verticais. Os cóbados non deben estar moi separados nin apertados contra ó peito, con liberdade de movementos. Os **PÉS** son ovalados e con tendencia a ser redondeados. A presencia de esporón e sexta unlla é relativamente frecuente.

A presencia de **ESPORÓN** e sexta unlla é relativamente frecuente.

O **CORPO** é mediano aínda que lixeiramente alongado.

A **CRUZ** é forte.

A **LIÑA DORSOLUMBAR** é lixeiramente descendente, co lombo curto, ancho e forte.

O **PEITO** é longo e profundo.

As **COSTELAS** son fortes e non están aplanadas nin son pronunciadas.

O **ABDOME** é curto e lixeiramente ascendente ós pregamentos do ventre.

A **PEL** tende a ser grossa, adherida ó corpo e á testa.

A **CRUZ DOS CADRÍS** é redondeada.

O **RABO** é grosso, de nacemento alto e con pelo abundante e denso. Cando o can vai en movemento eleva o rabo.

As **EXTREMIDADES POSTERIORES** son fortes, paralelas e perfectamente verticais posteriormente, con angulacions evidentes. Os **PÉS** son ovalados e con tendencia a ser redondeados.

